

CEIP PLURILINGÜE HUMBERTO JUANES

CONCRECIÓN CURRICULAR

2022-2023



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
A. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS AO CONTEXTO DO CENTRO.	3
B. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	5
C. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	17
D. CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA.....	22
E. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.	27
F. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, FLEXIBILIDADE E DISTRIBUCIÓN HORARIA.....	28
G. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.	29
H. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES, DE SER O CASO.....	31
I. OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN E A PROMOCIÓN	39
K. OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.	43
L. COORDINACIÓN ENTRE CICLOS E ETAPAS.....	44
N. ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN NA ETAPA DE INFANTIL (4º educación infantil).....	45
O. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.	48

INTRODUCCIÓN

Se falamos de currículo temos de referencia ao Decreto 155/2022, do 15 de setembro que daranos as ferramentas e conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas.

A concreción curricular será o marco que establecerá este claustro de profesorado cos criterios e decisións, a partir da análise do contexto do CEIP Plurilingüe Humberto Juanes, para orientar o desenvolvemento do currículo e a coordinación interdisciplinar por parte dos órganos de coordinación didáctica para garantir a coherencia na actuación docente. As programacións didácticas incluírán e terán en conta o indicado nesta concreción curricular.

Neste centro, impártense o segundo ciclo de Educación Infantil, de seis cursos e a Educación Primaria que comprende tres ciclos de doce cursos académicos en total, e organízanse en áreas ou ámbitos que terán un carácter global e integrador, as cales estarán orientadas ao desenvolvemento das competencias do alumnado.

Presentamos de seguido a concreción curricular elaborada no Centro a partir do currículo oficial de Educación Infantil e de Primaria da Comunidade Autónoma Galega.

A. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS AO CONTEXTO DO CENTRO.

ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL:

Segundo o **Decreto 150/2022 do 8 de setembro**, a finalidade da Educación Infantil é contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia. Para conseguilo, deberemos conseguir desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos neste centro:

1. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
2. Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
3. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
4. Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
5. Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
6. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

7. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
8. Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
9. Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

Segundo o **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia no CEIP Plurilingüe Humberto Juanes traballaremos para acadalos:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

B. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A consecución destes obxectivos do apartado anterior será fundamental para á adquisición das competencias clave que se sinalan a continuación xunto cos seus descritores:

CCL: competencia en comunicación lingüística.

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de

coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL1. Expresa feitos, conceptos, pensamentos, opinións ou sentimentos de forma oral, escrita, signada ou multimodal, con claridade e adecuación a diferentes contextos cotiáns da súa contorna persoal, social e educativa, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información e crear coñecemento como para construír vínculos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL1. Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa tanto para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL2. Comprende, interpreta e valora textos orais, escritos, signados ou multimodais sinxelos dos ámbitos persoal, social e educativo, con acompañamento puntual, para participar activamente en contextos cotiáns e para construír coñecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL3. Localiza, selecciona e contrasta, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL4. Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; recoñece o patrimonio literario como fonte de gozar e de aprendizaxe individual e colectivo; e mobiliza a súa experiencia persoal e lectora para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos.	gustos e intereses, aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a xestión dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, e detecta os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, e evita os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.

CP: competencia plurilingüe.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CP1. Usa, polo menos, unha lingua, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder a necesidades comunicativas sinxelas e predicibles, de maneira adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a situacións e contextos cotiáns dos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder as súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

<p>ámbitos persoal, social e educativo.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> CP2. A partir das súas experiencias, reconece a diversidade de perfís lingüísticos e experimenta estratexias que, de maneira guiada, lle permiten realizar transferencias sinxelas entre distintas linguas para comunicarse en contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual. 	<ul style="list-style-type: none"> CP2. A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
<ul style="list-style-type: none"> CP3. Coñece e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, e reconece e comprende o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> CP3. Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM, polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

<p>Descritores operativos</p>	
<p>Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...</p>	<p>Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...</p>
<ul style="list-style-type: none"> STEM1. Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega algunhas estratexias para resolver problemas reflexionando 	<ul style="list-style-type: none"> STEM1. Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se for necesario.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
sobre as solucións obtidas.	
<ul style="list-style-type: none"> STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada. 	<ul style="list-style-type: none"> STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.
<ul style="list-style-type: none"> STEM3. Realiza, de forma guiada, proxectos, e diseña, fabrica e avalía diferentes prototipos ou modelos, adaptándose ante a incerteza, para xerar en equipo un produto creativo cun obxectivo concreto; e procura a participación de todo o grupo e resolve pacificamente os conflitos que poidan xurdir. 	<ul style="list-style-type: none"> STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou un problema de forma creativa e en equipo, e procura a participación de todo o grupo, resolve pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adáptase ante a incerteza e valora a importancia da sustentabilidade.
<ul style="list-style-type: none"> STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes dalgúns métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e veraz, utilizando a terminoloxía científica apropiada, en diferentes formatos (debuxos, diagramas, gráficos, símbolos...) e aproveitando de forma crítica, ética e responsable a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos. 	<ul style="list-style-type: none"> STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e precisa e en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...), aproveitando de forma crítica a cultura dixital e incluíndo a linguaxe matemático-formal con ética e responsabilidade, para compartir e construír novos coñecementos.
<ul style="list-style-type: none"> STEM5. Participa en accións fundamentadas científicamente para promover a saúde e preservar o ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable. 	<ul style="list-style-type: none"> STEM5. Emprande accións fundamentadas científicamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

CD: competencia dixital.

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> CD1. Realiza procuras guiadas na internet e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) cunha actitude crítica sobre os contidos obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD1. Realiza procuras na internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade; selecciona os resultados de maneira crítica e arquívaos, para recuperalos, referencialos e reutilízaos, respectando a propiedade intelectual.
<ul style="list-style-type: none"> CD2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais en distintos formatos (texto, táboa, imaxe, audio, vídeo, programa informático...) mediante o uso de diferentes ferramentas dixitais para expresar ideas, sentimentos e coñecementos, respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor dos contidos que reutiliza. 	<ul style="list-style-type: none"> CD2. Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais; selecciona e configura a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.
<ul style="list-style-type: none"> CD3. Participa en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas ou plataformas virtuais para construír novo coñecemento, comunicarse, traballar cooperativamente e compartir datos e contidos en contornas dixitais restrinxidas e supervisados de maneira segura, cunha actitude aberta e responsable ante o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> CD3. Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, a presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.
<ul style="list-style-type: none"> CD4. Coñece os riscos e adopta, coa orientación do docente, medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e 	<ul style="list-style-type: none"> CD4. Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
iníciase na adopción de hábitos de uso crítico, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.	devanditas tecnoloxías.
<ul style="list-style-type: none"> CD5. Iníciase no desenvolvemento de solucións dixitais sinxelas e sustentables (reutilización de materiais tecnolóxicos, programación informática por bloques, robótica educativa...) para resolver problemas concretos ou retos propostos de maneira creativa, e solicita axuda en caso necesario. 	<ul style="list-style-type: none"> CD5. Desenvolve aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sustentables para resolver problemas concretos ou responder a retos propostos, mostrando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade, de adaptarse aos cambios, de aprender a xestionar os procesos metacognitivos, de identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas, contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> CPSAA1. É consciente das propias emocións, ideas e comportamentos persoais e emprega estratexias para xestionalas en situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos cambios e harmonizándoos para alcanzar os seus propios obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CPSAA1. Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivos.
<ul style="list-style-type: none"> CPSAA2. Coñece os riscos máis relevantes e os principais activos para a saúde, adopta estilos de vida 	<ul style="list-style-type: none"> CPSAA2. Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, recoñece condutas

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
saudables para o seu benestar físico e mental, e detecta e busca apoio ante situacións violentas ou discriminatorias.	contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA3. Recoñece e respecta as emocións e experiencias das demais persoas, participa activamente no traballo en grupo, asume as responsabilidades individuais asignadas e emprega estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA3. Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpóraas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuindo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira equitativa e empregando estratexias cooperativas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA4. Recoñece o valor do esforzo e a dedicación persoal para a mellora da súa aprendizaxe e adopta posturas críticas en procesos de reflexión guiados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA4. Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA5. Planea obxectivos a curto prazo, utiliza estratexias de aprendizaxe autorregulada e participa en procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda no proceso de construción do coñecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA5. Planea obxectivos a medio prazo e desenvolve procesos metacognitivos de retroalimentación para aprender dos seus erros no proceso de construción do coñecemento.

CC: competencia cidadá.

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e no compromiso activo coa sustentabilidade e co logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC1. Entende os procesos históricos e sociais máis relevantes relativos á súa propia identidade e cultura, reflexiona sobre as normas de convivencia e aplícaas de maneira construtiva, dialogante e inclusiva en calquera contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC1. Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC2. Participa en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa cos procedementos democráticos, os principios e valores da Unión Europea e a Constitución española, os dereitos humanos e da infancia, o valor da diversidade e o logro da igualdade de xénero, a cohesión social e os obxectivos de desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC2. Analiza e asume fundadamente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC3. Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC3. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC4. Comprende as relacións sistémicas entre as accións humanas e a contorna e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva tanto local como global. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC4. Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

CE: competencia emprendedora.

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades, adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e para crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o

pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> CE1. Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais, utilizando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puidesen xerar na contorna, para propoñer solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CE1. Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sostibilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sostibles, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.
<ul style="list-style-type: none"> CE2. Identifica fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autoconhecimento e iníciase no coñecemento de elementos económicos e financeiros básicos, aplicándoos a situacións e problemas da vida cotiá, para detectar aqueles recursos que poidan levar as ideas orixinais e valiosas á acción. 	<ul style="list-style-type: none"> CE2. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconhecimento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.
<ul style="list-style-type: none"> CE3. Crea ideas e solucións orixinais, planifica tarefas, coopera con outros en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender. 	<ul style="list-style-type: none"> CE3. Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a termo o proceso de creación de prototipos innovadores e de valor, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais.

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en

evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC1. Recoñece e aprecia os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, comprendendo as diferenzas entre distintas culturas e a necesidade de respectalas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC1. Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC2. Recoñece e interésase polas especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, identificando os medios e soportes, así como as linguaxes e os elementos técnicos que as caracterizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC2. Goza, recoñece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e os elementos técnicos que as caracterizan.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes artísticas e culturais, integrando o seu propio corpo, interactuando coa contorna e desenvolvendo as súas capacidades afectivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC4. Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC4. Coñece, selecciona e utiliza con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.

CONTRIBUCIÓN DO CENTRO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS

O centro contribuirá á adquisición das Competencias Clave da seguinte maneira:

COMPETENCIAS CLAVE	CONTRIBUCIÓN DO CENTRO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE
--------------------	---

<p>Competencia en comunicación lingüística (CCL)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Contacontos e representacións teatralizadas. - Apadriñamentos lectores. - Elaboración da revista escolar - Participación en certames literarios: relatos curtos, participación en concursos diversos (terror,..) - Exposicións orais sobre a temática anual do centro, ás veces teatralizadas. - Festival do día das letras Galegas, con presentación do autor, e actuacións varias (cancións, teatro, etc) - Itinerario lector por curso - Mochila viaxeira con libro viaxeiro nos cursos baixos.. - Colaboracións puntuais coa biblioteca Municipal de Nigrán, IES Val Miñor, CEE Juan María... - Fondos de biblioteca en galego, castelán e inglés.
<p>Competencia plurilingüe (CP)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Enfoque comunicativo da lingua estranxeira. - Fomento do uso da lingua estranxeira en situacións cotiás e rutinas de aula . - Traballo plurilingüe dos proxectos de centro empregando a metodoloxía CLIL. - Intercambio a Manchester.
<p>Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Matemáticas vivenciais e manipulativas na medida do posible: regletas, bloqueslóricos, tangram, xeoplano, outros materiais variados... , para chegar á comprensión necesaria para a representación en papel. - Aprendizaxe por descubrimento: Traballamos partindo dos coñecementos previos, a experiencia e a observación, na medida do posible, aproveitando os recursos que nos ofrece a contorna. - Uso de táblets, ipads, ordenadores para desenvolver actividades propostas. - Escornabots ou similares. - EDIXGAL no 3º ciclo
<p>Competencia dixital (CD)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aula Virtual en 1º e 2º ciclo - Blogues nalgúns ciclos. - Promovemos charlas para o uso responsable das tecnoloxías dixitais e redes, protección de datos.

<p>Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aprendizaxe cooperativa, con estruturas de traballo cooperativo dinámicas de cohesión de grupos. - Elaboración de Proxectos de aula. - Aprendizaxe por descubrimento. - Autoavaliación. - Rutinas de pensamento. - Traballo co alumnado sobre e en igualdade, e non discriminación, e conmemoración do día da non Violencia de xénero, do neno/a, dos dereitos humanos, da Paz, da Muller, do medio ambiente... con actividades relacionadas.
<p>Competencia cidadá</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración conxunta das normas do centro e de aula. - Charlas formadoras variadas sobor da diversidade afectivo-sexual, igualdade de xénero, celiaquía, diabetes... - Campañas de reciclaxe, de recollida de alimentos, de hixiene bucodental,... - Competicións deportivas (probos de orientación, xogos populares,...)
<p>Competencia emprendedora (CE)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Traballo por proxectos e tarefas integradas - Traballo cooperativo. - Metodoloxías activas
<p>Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Celebración das distintas datas relacionadas coa nosa identidade cultural (Samain, Entroido, Nadal, Letras Galegas...) - Saídas pola contorna para coñecer as diversas manifestacións culturais preto de nós (Monteferro, Montecastelo, praia América, Río Muíños,...) - Uso dos recursos locais.

C. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Segundo o **DECRETO 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A práctica educativa nesta etapa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena e de cada neno. Ademais, deberá levarse a cabo nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social, e o establecemento dun apego seguro. Dita práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo.

Segundo o **DECRETO 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A practica educativa nesta etapa poñerá especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa. A finalidade da educación primaria é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

Tendo en conta estas premisas, as dúas etapas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos. Así mesmo, velarase por garantir desde o primeiro contacto unha transición positiva desde a contorna familiar á escolar, así como a continuidade entre ciclos e entre etapas.

Na concreción curricular incluiremos o tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, do acoso e do ciberacoso escolar, a educación para a saúde así como a cultura de paz e os dereitos humanos. Para iso teremos en conta os principios pedagóxicos recollidos nos dous Decretos anteriores.

Comezaremos na educación infantil fomentando:

- O desenvolvemento de todas as linguaxes e os modos de percepción específicos destas idades para desenvolver o conxunto das súas potencialidades, respectando a específica cultura da infancia.

- Unha primeira aproximación á lectura e á escritura (sen que resulte esixible para afrontar a educación primaria), así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e da comunicación e na expresión visual e musical.
- A aproximación á lingua estranxeira nas aprendizaxes do segundo ciclo da educación infantil.
- O principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos materiais educativos.

Continuaremos na educación primaria fomentando:

- A lectura e á escritura iniciada a modo de aproximación na etapa de educación infantil posto que resulta fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.
- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade e do espírito científico.
- O traballo dende todas as áreas da comprensión da lectura, da expresión oral e escrita, da comunicación audiovisual, da competencia dixital, do fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O deseño de actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Nese sentido, as aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias clave recibirán especial consideración.
- A interrelación dos contidos das áreas cun enfoque globalizador e abordando os problemas, as situacións e os acontecementos dentro dun contexto e na súa totalidade garantindo, en todo caso, a súa conexión coas necesidades e características dos alumnos.
- A creación de diferentes contextos e escenarios de aprendizaxe mediante o uso de contornas dixitais que permitan desenvolver a competencia dixital do alumnado.
- Que as linguas oficiais se utilicen só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral.
- O traballo desde todas as áreas para promover o principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos.

Para todo o Centro terase en conta, respecto do TRATAMENTO TRANSVERSAL da educación en valores, que en todas as materias:

- Atenderemos progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da

linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tamén se incluírá a educación en valores.

- Incluiremos a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables.
- Favorecerase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.
- Promoveremos a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.
- Traballaremos para evitar comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Empregaremos unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
- Desde todas as áreas promoveremos a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- Prestaremos especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

- Presentaremos actividades que permitan ao alumnado afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva desde a educación infantil á educación primaria estableceremos diferentes mecanismos para realizar a coordinación entre as diferentes etapas. Algúns destes mecanismos poderían ser:

- Xuntanzas para analizar posibles dificultades detectadas no cambio de ciclo e para intercambiar información sobre as formas de traballar, para establecer unha coherencia metodolóxica e para unificar criterios
- Análise dos recursos existentes para poder compartilos e melloralos en caso de necesidade.

- Elaboración de actividades conxuntas que lle faciliten ao alumnado o pase dunha etapa á outra dunha maneira máis gradual (sesións de música, clases de educación física e lecturas compartidas..., saídas conxuntas, etc.)
- Visitas ás aulas de primaria, compartir os recreos de primaria determinados días.
- Obradoiros
- Iniciarse en El nas dinámicas e estruturas do traballo cooperativo para poder continualas en primaria.
- Formación do profesorado para mellorar a coordinación entre os ciclos e para fomentar o traballo cooperativo.

Durante o curso escolar celebraranse como mínimo as conmemoracións ou actividades que a continuación se consignan, coa finalidade de contemplar nelas aspectos relacionados coa non violencia, o coidado, a saúde, os valores democráticos,...

TEMPORALIZACIÓN	CONMEMORACIÓN / ACTIVIDADE	COMO SE TRABALLA?
OUTUBRO	Día das Bibliotecas Escolares.	Deseñaranse no centro actividades, unidades didácticas, proxectos e materiais para cada temática, de xeito coordinado polos diferentes equipos (EDLG, EACE, EDBE, DO...), de forma que esas propostas se introduzan nas programacións de aula.
NOVEMBRO	Día Universal da Infancia. Día Internacional contra a Violencia de Xénero.	
DECEMBRO	Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Día dos Dereitos humanos. Constitución, Estatuto de autonomía. Concurso Postais de Nadal. Festival de Nadal.	
XANEIRO	Día da non Violencia e da Paz.	

FEBREIRO	Día de Rosalía de Castro. Festival de Entroido.	actividades realizanse de maneira conxunta todo o centro (revista, desfile, actuacións, cancións, murais, web,...)
MARZO	Día Internacional da Muller. Día dos Dereitos do Consumidor. Semana da Prensa. Día Internacional da Poesía.	
ABRIL	Día do Libro. Día Mundial da Saúde.	
MAIO	Día de Europa. Semana das Letras Galegas e Festival.	
XUÑO	Día Mundial do Medio Ambiente.	

D. CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA.

MODELO EDUCATIVO E METODOLÓXICO DO CENTRO:

No proxecto educativo do noso centro, propoñemos un modelo de escola **aberto ao cambio e cun currículo flexible**:

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente **comunicativa, inclusiva, activa e participativa**, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave na que o **alumnado** será o **protagonista da acción educativa**. O papel dos/as mestres debe ser unha mestura entreguía e mediador, que fomente tanto o traballo individual coma en grupo.

- Procuraremos un ensino **globalizado**, tratando os contidos das distintas áreas do coñecemento de forma interrelacionada a fin de impulsar a comprensión, a motivación e a funcionalidade das aprendizaxes.
- Partiremos do convencemento de que toda **aprendizaxe** debe ser **significativa**, só a comprensión da realidade permite valorala e tomar opcións ante ela.
- Os procesos de ensino-aprendizaxe deberán conectar coas **necesidades**, a experiencia e a vida cotiá do alumnado.

- Fomentaremos a aprendizaxe mediante a busca, é dicir, o alumnado deberá **buscar solucións a situacións problemáticas**, sendo importante o traballo do **método científico no pensamento**, de forma que ante unha situación sexan capaces de, analízala, facer hipóteses e aplicar os seus coñecementos para resolvela e valorar a resolución da mesma.
- Intentaremos desenvolver metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa **resolución de problemas en contextos da vida real**.
- Promoveremos unha **aprendizaxe funcional**, na medida que sexan quen de transferilas e, polo tanto, ser quen de utilizar o aprendido noutras situacións novas.
- O alumnado deberá ter unha actitude favorable para aprender, estar motivado, de aí que deberemos espertar o seu interese e curiosidade, partindo de **aprendizaxes vivenciais e manipulativas para pasar despois á fase gráfica e simbólica**.
- **Aprendizaxe cooperativa**: queremos impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a resolución de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando deste xeito toda forma de discriminación, así como, dar unha resposta aos distintos niveis de aprendizaxe de cada neno/a, adaptando a ensinanza ás necesidades e ritmos de cada quen, favorecendo a capacidade de **aprender por si mesmo** e promovendo o **traballo colaborativo**, en equipo e a atención personalizada en función das necesidades individuais do alumnado.
- O centro aposta polo **traballo en equipo** do alumnado e do profesorado e a coordinación interna dos seus membros co fin de coordinar as aprendizaxes e contidos cos doutros niveis educativos.
- Entendemos o labor educativo baseado no respecto mutuo, no **diálogo e a reflexión**. Neste senso consideramos preciso que o alumnado adquira unhas habilidades sociais básicas e que aprenda a resolver problemas interpersoais partindo do diálogo e a **empatía**, poñéndose no sitio dos demais para valorar as diferentes situacións. **A aprendizaxe cooperativa** facilita que o alumnado aprenda a escoitar e a respectar as ideas dos demais, así como a intercambiar opinións de xeito respectuoso.
- Favoreceremos o **traballo por proxectos**, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias. Esta metodoloxía pretende axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Por ese motivo, consideramos preciso **superar o traballo baseado nos libros de texto, empregándoos como un recurso máis** para a procura de información, aproveitando, en todo momento, o fondo documental e recursos creativos da biblioteca escolar para o desenvolvemento dos diferentes proxectos.

- Atenderase as **intelixencias múltiples do alumno/a** (intelixencia viso - espacial, lingüística, kinestésica - corporal, ecolóxica, lóxica matemática, interpersoal, intrapersoal e musical), traballándoas dun xeito integrado.

- **Aprendizaxe lúdico**: intentaremos deseñar actividades variadas e cun gran compoñente lúdico, pois consideramos que xogando se pode aprender moito e máis doado.

- Pretendemos adaptar o ensino aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe, flexibilizando na medida do posible os tempos escolares e os espazos, coa finalidade de atender á diversidade do alumnado. Co obxectivo de **atender á diversidade** do alumnado poranse en marcha medidas tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe: apoio

no grupo ordinario, agrupamentos flexibles ou adaptacións do currículo.

- Flexibilizaremos tamén a temporalización das unidades didácticas, proxectos, tarefas para adaptar a aprendizaxe aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

- Concibiremos a **biblioteca escolar** como gran centro de recursos, un espazo dinámico que favoreza a construción do coñecemento e estímulo enriquecedor da actividade na aula. Será a ferramenta que serva de motor para a participación de todo o profesorado en diferentes programas e proxectos comúns. Daremos impulso á súa función como axente de compensación social, e por este motivo terá un horario de apertura tamén fóra do horario escolar.

- O centro aposta decididamente pola actualización dos seus recursos, en especial os **recursos TIC** (tecnoloxías da información e da comunicación) como ferramentas integradoras do coñecemento e formadoras da competencia dixital que demandan os novos tempos. O emprego da robótica, os ordenadores e as tablets dentro das nosas aulas, axúdanos a afondar nos diferentes proxectos iniciando a alfabetización dixital dos alumnos/as nun entorno seguro e controlado, adaptándonos a realidade na que vivimos. A formación e actualización do profesorado é clave neste aspecto, polo que será preciso promovela e fomentala. As TIC serán consideradas como pezas fundamentais para producir o cambio metodolóxico que leve a conseguir o obxectivo de mellora da calidade educativa.

- Apostamos, tamén, por unha escola aberta, rica en aprendizaxes fóra da aula, valorando positivamente as **saídas ao contorno e as saídas culturais** que presidirán unha boa parte da formación do noso alumnado. Unha escola integrada no medio que dea e reciba, capaz de relacionarse positivamente con toda a Comunidade (ANPA, organizacións culturais, Concello...), tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos ofertan estes medios.

- Trataremos a **interdisciplinabilidade** no desenvolvemento dos **eixos transversais** da educación (Paz, Igualdade de oportunidades, Saúde, Vial, Ambiental, Consumo, Sexual, Moral, Cívica e do Tempo de Lecer).

- Os contidos estarán extraídos do Currículo de Infantil e Primaria e axeitados á **realidade do Centro** a través das diferentes programacións didácticas.

- Mediante a acción educativa buscarase un equilibrio entre os procesos educativos individualizadores e os socializadores. A escola asume como unha das súas prioridades a educación nos valores de paz e tolerancia. Nos alumnos/as irase formando unha actitude participativa, interactiva, colaboradora, tolerante e solidaria.

- Procurarase que vaian construíndo unha convivencia positiva e respectuosa con todos os grupos étnicos e culturais, empezando por valorar e estimar a propia herdanza cultural que, como pobo, recibimos dos nosos antepasados. Cómpre que os alumnos/as se fagan conscientes de que serán eles/as, co seu esforzo, afán de superación, traballo persoal e colectivo, os/as que contribuirán a manter e incrementar os propios valores culturais, a desterrar a violencia das súas vidas, respectando os dereitos das persoas e sendo solidarios/as con todos e todas.

A avaliación deberá ser un elemento substancial do proceso educativo, presente en todas as fases do mesmo e será diversa en canto a técnicas e instrumentos: rexistro de actividades, observación sistemática, interpretación obxectiva das probas realizadas, enquisas, etc.

Ademais da adquisición das competencias clave no alumnado, serán obxecto de avaliación: este PEC que se revisará periodicamente e calquera proxecto ou programa educativo que se estea a implementar no centro, xa que os concibimos como instrumentos dinámicos susceptibles de reaxustes, moitos deles avaliaranse anualmente a través dos plans de mellora.

Será tamén avaliable a nosa actuación como educadores/as, o funcionamento do propio centro e o de todos os organismos que, dalgún xeito, están en relación con el, para procurar entre todos e todas a optimización do proceso educativo.


DECISIÓNS METODOLÓXICAS: APRENDIZAXE COOPERATIVA E APRENDIZAXE POR TAREFAS INTEGRADAS E/OU PROXECTOS:

- Este Centro inicia un cambio metodolóxico no **curso 2017-18 introducíndose no traballo cooperativo.**

- O alumnado será os/as encargados/as de buscar a información, **traballando por tarefas integradas e/ou proxectos** e desenvolvendo nas aulas, sobre todo, **técnicas de aprendizaxe cooperativo** para unha mellor adquisición das competencias clave, sendo a distribución do alumnado.

- Coa aprendizaxe cooperativa buscamos **atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva.**

- A **distribución do alumnado** dentro das aulas tentará ter un formato con estruturas de grupos cooperativos. Este tipo de organización ou distribución cremos que resulta



verdadeiramente efectiva para traballar a axuda mutua entre compañeiros/as e fomentar así a inclusión de todo o alumnado dun mesmo grupo-clase. Ensinar a traballar ao alumnado en grupo, en equipo, supoñerá un profundo cambio no que se refire á súa aprendizaxe.

- En función da estratexia que vaimos a utilizar, a **organización da aula** será distinta, así faremos obradoiros, agrupamentos flexibles, traballo por proxectos,

aprendizaxe cooperativo, etc. En función da actividade a realizar, os agrupamentos tamén serán distintos: asembleas, visionado de vídeos, traballo por parellas, para buscar información, creación de textos...tamén contaremos co traballo individual para realizar lecturas, probas orais e escritas, actividades de reforzo etc.

Este cambio metodolóxico descrito lévanos a tomar as seguintes decisións:

- Establecer unha liña de **aprendizaxe cooperativa** desde 4º de educación Infantil ata 6º de Educación Primaria, traballando unhas estruturas e dinámicas básicas que se irán ampliando segundo avanza a súa escolaridade.

Coa aprendizaxe cooperativa buscamos **atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva**, introducindo en todo o centro dinámicas e estruturas en actividades comúns.

- Levar a cabo tarefas, obradoiros compartidos, talleres ou outro tipo de actividades entre distintos cursos co obxectivo da mellora da convivencia, da atención á diversidade e da integración das aprendizaxes de modo que axuden a traballar contidos curriculares e as competencias clave.

- Partir da manipulación na aprendizaxe dos conceptos matemáticos.

- Continuar coa revisión dos perfís competencias de modo vertical coa finalidade de darlles coherencia.

- Diseñar e realizar tarefas baseadas nas actividades que se propoñen todos os cursos desde os diferentes equipos de centro.

- En 5ºEP e 6ºEP desenvolverase o programa dixital **E-Dixgal** da Consellería de Educación.

- Realizar os apoios por parte dos mestres especialistas de Pedagogía Terapéutica e

Audición e Linguaxe dentro da aula sempre que sexa posible.

- Xeneralizar nas aulas o uso dos medios tecnolóxicos dos que dispón o centro dentro do proxecto dixital do centro: aulas virtuais, etc.

- Adquisición progresiva de recursos e material necesario por parte do Centro para levar a cabo este cambio metodolóxico.

- Creación dunha Comisión de Aprendizaxe Cooperativo (CAAC) dentro do Claustro de Profesores/as composta por representantes de todos os ciclos co obxectivo de planificar e

avaliar a posta en marcha dun Proxecto de Aprendizaxe Cooperativa e levar a cabo as dinámicas e estratexias mínimas para cada nivel, analizando a situación de cada aula e buscar solucións aos posibles problemas que poidan xurdir.

- Participar en Programas de Formación Permanente do Profesorado, para ir traballando varias liñas relacionadas co cambio metodolóxico:
- Deseño curricular.
- Escola inclusiva: aprendizaxe cooperativa, metodoloxías activas.
- Etc.

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

E. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Xestión dos recursos e o seu inventario.

O secretario/a do centro será o encargado de levar o control do material inventariable coa colaboración dos titores/as, dos coordinadores/as e dos responsables de departamento. Coordinará a realización do inventario e controlará as altas e baixas do mesmo no XADE.

- O material do centro deberá quedar asignado a cada aula, co fin de facilitar a súa xestión e inventario.
- Farase todos os anos, no mes de xuño, unha revisión do material inventariado, especificando o estado no que se encontra para ver o que hai que dar de baixa.
- Durante a primeira quincena de setembro, cada mestre/a elaborará unha lista coas súas necesidades, que se entregará ao equipo directivo. Este reunirse na segunda quincena de setembro co fin de establecer que material se solicitará á Dirección Xeral de Centros ou cal se comprará, segundo o presuposto do ano.
- As compras de material faranse sempre coa autorización da dirección do centro.
- Todo o material didáctico, audiovisual, informático e de calquera índole que pertenza ao centro deberá ser usado da maneira máis racional e intensa posible tratando de que beneficie a todos os alumnos/as.
- Estableceranse quendas para o seu uso, cando exista moita demanda.

- O material deportivo estará a cargo dos profesores/as de educación física que o poderán prestar ao alumnado durante os recreos seguindo uns criterios lóxicos para o seu bo uso. A recollida destes deberá supervisalo o profesorado de garda nese momento.
- Cando sexa necesario o material ou instalacións para as actividades extraescolares, os monitores/as serán os encargados do uso correcto dos mesmos, debendo informar ao profesor/a de garda de calquera incidente relacionado con el.
- Despois de que un profesor/a utilice os materiais didácticos de uso común, ocuparase de que sexa depositado de novo no seu lugar de almacenamento.

Criterios de selección dos libros de texto

O claustro de profesores é o órgano competente para aprobar as propostas dos libros de textos do alumnado do centro, o que deberá facer nunha das reunións finais de cada curso.

- O programa de gratuidade de libros de texto axustarase ás disposicións legais vixentes.
- A selección de libros para educación primaria terá una vixencia de 6 cursos.
- A súa elección será proposta polo equipo de ciclo á xefatura de estudos, facéndoa constar na programación xeral anual. Terase en conta:
 - a. Calidade da proposta pedagóxica.
 - b. Adecuación ao proxecto do centro.
 - c. Coherencia ao longo do ciclo e da etapa educativa.
 - d. Control do número de libros.
- Dentro das diferenzas individuais no estilo educativo, buscarase o máximo consenso posible entre o material dos distintos grupos, especialmente naqueles que pertencen ao mesmo nivel.

F. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, FLEXIBILIDADE E DISTRIBUCIÓN HORARIA

FLEXIBILIDADE NOS HORARIOS:

En Educación Infantil, o horario escolar organizarase desde un enfoque globalizador e incluírá propostas de aprendizaxe que permitan alternar diferentes tipos e ritmos de actividade, con períodos de xogo e de descanso en función das necesidades do alumnado. Os períodos lectivos organizaranse baixo presupostos de flexibilidade que lle permitan ao profesorado adecualos ás características das tarefas, de xeito que o horario estea sempre ao servizo da metodoloxía. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con

tempos de actividades específicas, segundo as características e as necesidades das nenas e dos nenos.

A distribución das áreas en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas. Neste sentido, organizaremos o horario lectivo en cada xornada en sesións ou medias sesións que se poderán agrupar co fin de potenciar estratexias metodolóxicas para o desenvolvemento das competencias ou de traballo interdisciplinario, respectando en todo caso o horario semanal para cada unha das áreas.

DISTRIBUCIÓN HORARIA DA ETAPA:

As actividades escolares desenvolveranse ao longo de 25 horas semanais:

ÁREAS	CURSOS EDUCACIÓN PRIMARIA					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Ciencias da Natureza	3	2	3	2	3	2
Ciencias Sociais	2	3	2	3	2	2
Educación en Valores Cívicos e Éticos	-	-	-	-	-	1
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua Estranxeira	2	2	3	3	3	3
Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	4
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Música e Danza	1	1	1	1	1	1
Relixión / Proxecto Competencial	1	1	1	1	1	1
Totais	25	25	25	25	25	25

G. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover e facilitar información sobre este tipo de actividades. Estará integrado polo seu coordinador/a e, para cada actividade concreta, polos profesores/as que participen nela. O equipo estará

constituído preferentemente por un titor/a de cada nivel. O seu coordinador/a de equipo será un profesor/a designado polo director/a a proposta do xefe/a de estudos, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica e actuará baixo a dependencia directa do xefe/a de estudos. Será nomeado/a por un período de 2 anos. A principios de curso, os ciclos darán ao coordinador/a do EACE a relación das actividades que desexan propoñer para levar a cabo co alumnado ó longo do curso. O coordinador manterá informados aos coordinadores de ciclo das propostas que se chegan ao centro e encargárase de buscar información sobre actividades que demanden os ciclos. Na elaboración da programación didáctica de cada nivel deben incluírse as actividades complementarias que se realizarán durante ese curso, no apartado de elementos transversais Os/as responsables da actividade de que se trate (excursións, visitas, etc.) encargárase da xestión económica relativa ao alumnado e familias, fixarán a data e falarán coa empresa de transporte no caso de ser necesario o seu servizo. Solicitarán a cooperación que necesite do coordinador/a deste equipo de EACE, do equipo directivo, do profesorado, das familias, etc. Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

- a. Aprobación do consello escolar.
- b. Autorización escrita dos pais/nais ou titor/a legal.
- c. Os alumnos/as serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción mínima dun profesor/a por cada unidade máis 1 mestre a maiores de apoio.

Para o desenvolvemento das saídas complementarias que se realicen fóra do recinto escolar, seguirase a normativa recollida nas NOFC do centro.

Co fin de optimizar o aproveitamento do alumnado na realización destas actividades, recollemos na seguinte táboa as saídas/actividades complementarias que adoitan realizarse en cada ciclo e tamén as recomendacións para a súa planificación, atendendo á idade e intereses do alumnado e á organización vertical do centro, dado que hai saídas que veñen realizándose de xeito continuado nun nivel determinado, como sucede por exemplo co intercambio con Manchester.

RECOMENDACIÓN DE SAÍDAS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS POR CICLOS

ED. INFANTIL	<p>Visita a unha granxa escola</p> <p>Contratación dun contacontos</p> <p>Ruta pola contorna do centro</p> <p>Saída a un parque de bolas</p> <p>Obra teatral</p>
1º CICLO PRIMARIA	<p>Visita a unha granxa escola</p> <p>Visita ao centro Apípolis, a cidade das abellas</p> <p>Visita a un supermercado</p> <p>Visita aos bombeiros</p> <p>Obra teatral</p>
2º CICLO PRIMARIA	<p>Xornada sobre educación vial</p> <p>Xogos populares (Xogade)</p> <p>Contratación dun planetario móbil</p> <p>Visita ao centro arqueolóxico de Campolameiro</p> <p>Ruta ata o esteiro da Foz</p> <p>Visita ao museo provincial de Pontevedra en tren (4º nivel)</p> <p>Obra teatral</p>
3º CICLO PRIMARIA	<p>Ruta por Monteferro</p> <p>Marcha ciclista ata Baiona (intercambio 5ª EP)</p> <p>Visita ás Illas Cíes (intercambio 5º EP)</p> <p>Visita museos coruñeses (6º EP)</p> <p>Obra teatral</p>

H. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES, DE SER O CASO.

No caso do alumnado que promocióne con algunha materia pendente de cursos anteriores, o profesorado correspondente deberá elaborar un plan de recuperación ou reforzós cós seguintes apartados:

- Necesidades educativas (criterios de avaliación non acadados nesa área)
- Puntos fortes, intereses e motivación
- Medidas xa adoptadas e resultado das mesmas: (reforzos...)
- Medidas a adoptar o vindeiro curso (reforzos, apoios y por áreas)
 - Medidas que se propoñen
 - Criterios de avaliación prioritarios

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Para o alumnado repetidor, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Polo tanto, organizaremos un Plan Específico de Reforzo para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Para a elaboración deste plan teranse en conta as necesidades educativas que motivaron a repetición e as medidas ordinarias e/ou extraordinarias que xa foron empregadas co alumno ou alumna. Diseñaranse as estratexias metodolóxicas que se utilizarán así como os recursos necesarios para o seu desenvolvemento. O Plan revisarase en cada avaliación e faranse os axustes que se consideren necesarios.

O modelo do plan está a disposición do profesorado nas carpetas compartidas co equipo directivo e tamén consta como anexo dentro do Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación.

A elaboración de ditos plans contará co asesoramento do orientador/a e quedarán arquivados no Departamento de Orientación.

MODELO PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO:

PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO. CURSO 20__/20__

1. DATOS DO ALUMNO/A

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DATA DE NACEMENTO	TITOR/A	GRUPO
SITUACIÓN ESPECÍFICA QUE REQUIRE REFORZO EDUCATIVO		
Alumno/a que permanece un ano máis no nivel		
Alumno/a que promocionou con algunha materia pendente		

2. NECESIDADES EDUCATIVAS QUE MOTIVARON A REPETICIÓN

Necesidades educativas especiais
Dificultades específicas de aprendizaxe
Incorporación tardía ao sistema educativo
Dificultades de atención
Trastorno grave de conduta
Trastorno grave da linguaxe
Outras circunstancias do ámbito persoal e/ou familiar (especificar):

3. RESULTADOS ACADÉMICOS DO CURSO ANTERIOR

RESULTADOS ACADÉMICOS DO CURSO ANTERIOR				
ÁREAS PENDENTES	ÁREA	CUALIFICACIÓN		
		1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
COMPETENCIAS CLAVE	COMPETENCIAS		CUALIFICACION	

4. ACTUACIÓNS E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICADAS NO CURSO ANTERIOR.

	Reforzo educativo
	Apoio por profesorado con dispoñibilidade horaria
	Adaptación de tempos e materiais
	Protocolos (especificar):
	Outras (especificar):

5. ASPECTOS RELEVANTES QUE DIFICULTAN OU FAVORECEN A APRENDIZAXE DO ALUMNO/A.

(1 DIFICULTA, 5 FAVORECE)					
Asistencia					
Participación na aula					
Hábitos de estudio					
Motivación para aprender					
Nivel de atención					
Grao de autonomía					
Responsabilidade e autoesixencia					
Relación cos compañeiros/as					
Relación cos adultos					
Colaboración familia-centro					

6. ACTUACIÓNS.

ACTUACIÓNS NO ÁMBITO FAMILIAR
ACTUACIÓNS NO ÁMBITO SOCIAL
ACTUACIÓNS NO ÁMBITO PERSOAL

ACTUACIÓN NO ÁMBITO CURRICULAR (áreas con cualificación negativa)
ÁREA:
<ul style="list-style-type: none">▪ Aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención: ▪ Aspectos a reforzar: ▪ Metodoloxía: ▪ Materiais de apoio: ▪ Avaliación (de ser o caso, con adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación):
Observacións:

7. ORGANIZACIÓN DO REFORZO:

RECURSOS PERSOAIS	TEMPORALIZA CIÓN	OBSERVACIÓ NS

8. SEGUIMIENTO E VALORACIÓN DO PLAN DE REFORZO:

EQUIPO DOCENTE	
REUNIÓN PROGRAMADA	VALORACIÓN E ACORDOS
1ª AVALIACIÓN:	
2ª AVALIACIÓN:	
3ª AVALIACIÓN:	
PROPOSTA PARA O SEGUINTE CURSO:	



FAMILIA	
REUNIÓN PROGRAMADA	VALORACIÓN E ACORDOS
1ª AVALIACIÓN:	
2ª AVALIACIÓN:	
3ª AVALIACIÓN:	

Nigrán, _____ de _____ de 20_____

Asdo.: O equipo docente

O/A orientador/a

I. OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN E A PROMOCIÓN

Seguirase a seguinte normativa:

- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II

- *ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato*

- ORDEN de 25 de enero de 2022 por la que se actualiza la normativa de evaluación en las enseñanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato en el sistema educativo de Galicia

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación que figuran no Decreto 155/2022 do 15 de setembro.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como

os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Promoción

Ao finalizar os cursos: segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno, no cal indique, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva

Co fin de garantir o dereito das alumnas e dos alumnos a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos conforme criterios de plena

obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicarlles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais os criterios de avaliación, os instrumentos de avaliación e os criterios de promoción que, en todo caso, atenderán ás características da avaliación dispostas na lexislación vixente e, en particular, ao carácter global, continuo e formativo da avaliación nesta etapa.

Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais

1. De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no artigo 24 do Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, as nais, os pais ou as persoas titoras legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelén, así como coñecer as decisións relativas á súa avaliación e á promoción, colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e ás probas e aos documentos das avaliacións que se lles realicen ás súas fillas, aos seus fillos ou ás persoas tuteladas, na parte referida á alumna ou ao alumno de que se trate, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal. Para esta finalidade, o acceso ás actas de avaliación poderá substituírse por un boletín individualizado coa información da acta referida á alumna ou ao alumno de que se trate.

2. Igualmente, os centros docentes promoverán compromisos educativos coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais do seu alumnado en que se consignen as actividades que as persoas integrantes da comunidade educativa se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso académico do alumnado.

OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA, DE SER O CASO:

Otorgación de mención honorífica ao alumnado que teña de media en **primaria 9.00 ou máis**.

Criterios de promoción do alumnado:

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.
2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Cando un alumno ou unha alumna non promociione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse una soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio
4. A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
5. O alumnado que promociione de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

- CRITERIO NUMÉRICO:

Con 1 materia non superada: Promociona

A partir de 2 materias non superadas: **Aplicar criterios de promoción pedagóxico.**

- CRITERIOS PEDAGÓXICOS:

1-Nada de acordo

2- Pouco

3-Bastante

4- Moi de acordo

<u>CRITERIOS</u>	Non promociona		Promociona	
	4	3	2	1
1. Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á				

diversidade?				
1. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?				
2. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia...) vai favorecer que supere os estándares?				
3. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática?				
	Promociona		Non promociona	
	4	3	2	1
4. Inciden causas emocionais no seu baixo rendemento?				
5. Está integrado no seu grupo?				
6. Os estándares que non supera están no seguinte nivel?				

Adecuación da estrutura organizativa da aula.

Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación

Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación

Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)

Programa de reforzo

Programa de recuperación

Programa de habilidades sociais

K. OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.

O centro favorecerá a formación do profesorado utilizando diversas estratexias:

- Formación interna: un ou varios mestres/as expertos/as formarán aos demais en algún aspecto do ámbito educativo ou no coñecemento dalgunha ferramenta, recurso, metodoloxía, etc.

- Formación externa: solicitando aos centros de formación e recursos da zona educativa algún grupo de traballo, PFAC, seminario permanente, etc. Solicitaremos, de ser o caso, apoio e asesoramento para levar a cabo proxectos de investigación e innovación educativa no propio centro ou en colaboración con outros organismos.

- Participación do profesorado en todo tipo de actividades de formación permanente e perfeccionamento do mesmo (cursos, seminarios, conferencias, xornadas...), arbitrando a nivel organizativo tantas medidas sexan posibles para favorecer tal participación. O centro tamén fomentará todo tipo de actividades encamiñadas á investigación na acción educativa no propio centro e á planificación e desenvolvemento de proxectos de innovación educativa

que leven á mellora da calidade da ensinanza. Para elo, porá a disposición dos equipos docentes implicados cantos recursos estean ao seu alcance e tomará as medidas organizativas oportunas para que ditos proxectos poidan ser levados á práctica.

L. COORDINACIÓN ENTRE CICLOS E ETAPAS.

MECANISMOS PARA FAVORECER A COORDINACIÓN ENTRE CICLOS E ETAPAS:

Levaremos a cabo as seguintes medidas:

- Elaborar conxuntamente, co primeiro ciclo de EP e o Departamento de Orientación, un Plan de Transición para que o poidan poñer en práctica todos aqueles/as mestres/as que impartan o curso de 1º de E.P. falcilitándolle así ao noso alumnado o cambio cara a nova etapa educativa.
- Coñecemento das aulas de primaria e realización de diversas actividades de contacto para o alumnado de 6ºEP que cambia de etapa.
- Visita do alumnado de 6ºEP ao IES Val Miñor (centro adscrito) no mes de maio onde realizarán unha serie de actividades programadas. Visita guiada polas instalacións do instituto mediante xogos preparados polo profesorado.
- Pequena merenda ao remate da actividade.
- Reunións entre os Departamentos de Orientación do CEIP Plurilingüe Humberto Juanes e o IES Val Miñor para transmitir información do alumnado de 6ºEP a finais do mes de xuño.
- Obter información sobre a situación persoal, escolar, familiar e social do alumnado que cambia de mestre/a, tanto por cambio de ciclo e/ou etapa:
- Da información do historial académico, familiar e social de cada alumno/a.
- Da observación directa dos traballos e actitudes dos alumnos/as.
- Do informe final individualizado do alumnado que remata ciclo e/ou etapa sobre o seu desenvolvemento e as súas necesidades.
- Da avaliación inicial para comprobar os coñecementos previos do alumnado e partir deles.

- Da asistencia ás sesións de avaliación finais dos cursos que finalizan ciclo e/ou etapa dos titores/as que acollerán ao seu novo alumnado.
- Reunións semanais entre os diferentes equipos de coordinación pedagóxica convocados polo xefe/a de estudos.

N.ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN NA ETAPA DE INFANTIL (4º educación infantil).

A chegada por primeira vez dos nenos e nenas á escola supón un cambio importante na súa vida, implica a saída dun mundo familiar, dun espazo seguro, coñecido e protexido a outro descoñecido.

O período de adaptación supón, pois, unha serie de fases sucesivas polas que o neno/a chega a afacerse a un novo ambiente, ao medio escolar. É o intervalo temporal necesario para asimilar os cambios producidos e incorporarse á escola. Neste senso, hai que ter en conta, por unha banda, que este proceso dáse nun período de tempo que varía duns nenos/as a outros/as e temos que respectar o ritmo de cada quen. Por outra banda, é un proceso de construción interna tan fundamental que, de como se resolva, vai depender a súa actitude na escola, as súas relacións cos docentes e a calidade das súas aprendizaxes.

No proceso de adaptación están implicados: os nenos/as, as familias e os docentes da escola.

OBXECTIVOS DO PERIODO DE ADAPTACIÓN:

- Facilitar o cambio dun espazo coñecido (familia ou outra organización escolar) a outro ambiente con novos tipos de relacións.
- Diminuír a angustia, o medo e a ansiedade creada polo cambio de situación.
- Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
- Favorecer que o neno/a descubra o gozo de estar cos demais nun ambiente estimulante.

- Colaborar e compartir información relevante entre familias e escola, para mellorar o coñecemento mutuo e a adaptación á escola.
- Xerar relacións vinculares entre nenos/as, as súas familias e o profesorado, baseándose na confianza e na profesionalidade.
- Conseguir que a adaptación do alumnado á escola sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.

ACTUACIÓNS DO PROGRAMA:

1. Xuntanzas informativas para todas as familias nos meses de setembro e xuño.

Nestas reunións falarase de normas básicas, hábitos a desenvolver e pautas de actuación, así como, do centro e dos servizos dos que dispón.

- Xuntanza de xuño:

Realizarase unha reunión no mes de xuño coas familias dos nenos/as que se incorporarán no vindeiro curso escolar.

Nesta reunión fálaselles do que vai supoñer o período de adaptación para eles e para os seus fillos/as, as reaccións que van a observar e algunhas indicacións

A chegada por primeira vez dos nenos e nenas á escola supón un cambio importante na súa vida, implica a saída dun mundo familiar, dun espazo seguro, coñecido e protexido a outro descoñecido.

O período de adaptación supón, pois, unha serie de fases sucesivas polas que o neno/a chega a afacerse a un novo ambiente, ao medio escolar. É o intervalo temporal necesario para asimilar os cambios producidos e incorporarse á escola. Neste senso, hai que ter en conta, por unha banda, que este proceso dáse nun período de tempo que varía duns nenos/as a outros/as e temos que respectar o ritmo de cada quen. Por outra banda, é un proceso de construción interna tan fundamental que, de como se resolva, vai depender a súa actitude na escola, as súas relacións cos docentes e a calidade das súas aprendizaxes.

No proceso de adaptación están implicados: os nenos/as, as familias e os docentes da escola.

OBXECTIVOS DO PERIODO DE ADAPTACIÓN:

- Facilitar o cambio dun espazo coñecido (familia ou outra organización escolar) a outro ambiente con novos tipos de relacións.
- Diminuír a angustia, o medo e a ansiedade creada polo cambio de situación.
- Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
- Favorecer que o neno/a descubra o gozo de estar cos demais nun ambiente estimulante.
- Colaborar e compartir información relevante entre familias e escola, para mellorar o coñecemento mutuo e a adaptación á escola.

- Xerar relacións vinculares entre nenos/as, as súas familias e o profesorado, baseándose na confianza e na profesionalidade.
- Conseguir que a adaptación do alumnado á escola sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.

ACTUACIÓNS DO PROGRAMA:

2. Xuntanzas informativas para todas as familias nos meses de setembro e xuño.

Nestas reunións falarase de normas básicas, hábitos a desenrolar e pautas de actuación, así como, do centro e dos servizos dos que dispón.

- Xuntanza de xuño:

Realizarase unha reunión no mes de xuño coas familias dos nenos/as que se incorporarán no vindeiro curso escolar.

Nesta reunión fálaselles do que vai supoñer o período de adaptación para eles e para os seus fillos/as, as reaccións que van a observar e algunhas indicacións para que no verán se prepare a chegada dos nenos/as á escola (hábitos de sono, autonomía...), así como as quendas para poder levalo a cabo.

Algunhas das recomendacións serán, por exemplo:

- Falarlle ao neno/a con antelación de que vai ir á escola e que alí vaino pasar ben, terá amigos exogos (sen idealizalo demasiado).

- Razoar con el cando che diga que non quere ir ao cole.

- O primeiro día cómpre facer as cousas con tempo, que non haxa que almorzar á presa ou vir acorrer.

- Cumprir o horario que se vos indique dende o colexio para a entrada do neno/a e para a saída.

- Se o neno/a se excita, chora ou non quere entrar, tes que tranquilizarte e esperar a que o neno/ase calme.

- Xuntanza de setembro:

Na xuntanza de setembro explicaráselle aos pais/nais/titores legais como se vai desenvolver o curso escolar, cales son as normas a seguir e a dinámica de traballo cos seus fillos/as. Ademais, nesta reunión entréganselle por escrito algunha información, normas e indicacións para o curso escolar.

A esta reunión asistirá o/a titor/a.

Entrevistas individuais coas familias.

O/A orientador/a, dependendo da dispoñibilidade horaria, levará a cabo as entrevistas individuais con cada familia no mes de xuño e facilitará ao profesorado aqueles datos que se consideren significativos para o proceso de ensino-aprendizaxe.

Proceso de incorporación dos nenos/as.

Tendo en conta que o período de adaptación con esta nova lei é voluntario, consensuaremos coas familia previamente a súa posta en marcha. O ingreso será paulatino, comezará cun grupo reducido que irá aumentando progresivamente.

A organización da incorporación dos nenos/as á escola dependerá do/a titor/a e das características e particularidades do grupo.

Os tempos de permanencia na escola empezarán, pois, sendo máis curtos, ampliándose pouco a pouco ata conseguir o horario de 9h a 14h, de xeito que, na data que o calendario escolar o estableza, o horario sexa xa completo para todos os alumnos/as

AVALIACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN:

A técnica principal de avaliación do período de adaptación será a observación directa e sistemática. Algún dos instrumentos e técnicas de avaliación que se empregarán serán, por exemplo, as escalas de observación, os rexistros anecdóticos, o diario do mestre... co obxectivo de que a nosa avaliación sexa o máis sistemática e obxectiva posible.

O. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.

A concreción curricular será flexible. Este documento está aberto a ir complementándoo, revisándoo e mellorándoo cada ano, reflexionando sobre o que funciona, o que non e adaptándoo ás necesidades conforme a sociedade avanza.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) nas súas reunións ordinarias revisará e valorará a pertinencia de realizar cambios puntuais neste documento a raíz das propostas de calquera membro da Comunidade Educativa. No caso de que se valore a pertinencia de realizar cambios significativos, presentaranse estes ante o Claustro para a súa aprobación.